

RESOLUCIÓN

ASUNTO: ESTABLECEMENTO DE ZONAS PEONÍS CONCELLO DE CORCUBIÓN

EXPEDIENTE: 2026/X008/000001

ANTECEDENTES:

I. Perante Resolución desta Alcaldía de data 28 de xullo de 2025 acordouse o seguinte:

PRIMEIRO.- Declarar dende o 1 de agosto de 2025 ata o 30 de setembro de 2025 as seguintes zonas peonís:

-A rúa de Antonio Porrúa na súa marxe dereita, dende a Taberna Mariñeira O Ribeiro ata a Fonte.
-A praza Castelao na súa marxe dereita, dende a devandita Fonte ata a Cafetería O Pazo (a circulación de vehículos farase pola marxe esquerda da contorna da praza de Castelao).

SEGUNDO.- Declarar que dende o 1 de agosto de 2025 ata o 30 de setembro de 2025 se restrinxirá a partir das 15:00 horas e ata as 8:00 hs do día seguinte, de luns a sábado, e as 24 horas do domingo, a circulación exclusivamente aos vehículos de residentes, quedando o acceso prohibido ao resto de vehículos agás aqueles destinados a servizos de emerxencia ou con autorización municipal expresa, na Rúa Antonio Porrúa, a partires do número 12 en dirección á praza de Castelao, en toda a Praza de Castelao, Praza José Carrera, Praza Médico Ramón Carrera (Prazoleta), e Campo do Rollo.

TERCEIRO.- A fin de verificar a efectividade das restricións de tráfico expostas, o Concello instalará mecanismos de vixilancia na Rúa Antonio Porrúa, na Praza de Castelao e na Travesía da Rúa Carrera Fábregas.

Previamente á aplicación temporal do contido da presente Resolución, colocarse a sinalización de información pertinente que indique os horarios de acceso permitidos e os tipos de vehículos autorizados a circular en cada franxa horaria, de acordo coas restricións establecidas.

Terán a consideración de residentes todos aqueles empadroados no concello de Corcubión e/ou as persoas cuxos vehículos estean incluídos no padrón do Imposto de vehículos de tracción mecánica. Asemade tamén terán a consideración de residentes os que acrediten que o seu traballo se desenvolve dentro da área restrinxida ao tráfico.

Será de aplicación a respecto do réxime sancionador o previsto na vixente Ordenanza sobre tráfico, circulación de vehículos a motor, seguridade viaria e utilización das vías públicas do Concello de Corcubión e no Real Decreto Legislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba el texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial e demais normativa que a desenvolve.

CUARTO.- Habilitar un novo aparcadoiro disuasorio e provisional no antigo solar do Tranco (zona axardinada na entrada do casco urbano), cunha capacidade aproximada de 70 prazas.

II. Así mesmo, e de acordo co disposto no artigo 7.2 da ordenanza municipal de tráfico, adoptouse como medida provisional ao inicio do verán, ao existir un incremento considerable de vehículos no pobo, a reordenación das vías na rúa J. Benito Carrera Fábregas e na travesía do mesmo nome, ao tratarse dun cruce de camiños con acceso desde todas as direccións, no que os vehículos estacionaban incluso na zona de dobre sentido ao non existir regulación de ningún tipo, provocando todos os días atascos e obstaculizando por veces o paso de vehículos prioritarios, así como o camiión de recollida do lixo. As medidas de reordenación do tráfico nesta vía foron trasladadas e consensuadas coas autoridades do destacamento da Garda Civil de Tráfico de Corcubión, ao carecer o Concello de policía municipal, instalándose varias sinais verticais de prohibido o paso, agás para residentes, e prohibindo o aparcamento de tamén polos axentes de tráfico.



III. Perante Resolución desta Alcaldía 361/2025 do 30 de setembro, acordouse o seguinte:

1.- Prorrogar, con efectos do día 1 de outubro de 2025 e ate o día 8 de xaneiro de 2026, a vixencia da Resolución desta Alcaldía de data 28 de xullo de 2025, antes citada, agás os seus puntos segundo e terceiro.

2.- Manter coa mesma vixencia temporal indicada no parágrafo anterior as medidas de reordenación do tráfico na rúa J. B. Carrera Fábregas e na súa travesía, de prohibido o paso agás a residentes e de estacionar no lateral da travesía, por razóns de seguridade vial e en base ao artigo 7. 2. c) da Ordenanza sobre tráfico, circulación de vehículos a motor, seguridade viaria e utilización das vías públicas do Concello de Corcubión, dando conta ao pleno para que as realice as xestións necesarias co fin de consolidalas na mentada ordenanza municipal.

3.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que se realice.

IV. Considerando que a efectiva aplicación das referidas medidas de peonalización e reordenación do tráfico posibilitou un maior nivel de comodidade e benestar para a veciñanza e os visitantes do Concello, afondando no necesario uso racional do dominio público municipal como espazo de preferencia peonil, e sendo intención do actual grupo de goberno consolidar ditas medidas perante unha modificación da correspondente Ordenanza que se está a elaborar neste momento,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Prorrogar, con efectos do día 8 de xaneiro de 2026 e ate o día 30 de maio de 2026, a vixencia do punto primeiro da Resolución desta Alcaldía 272/2025 do 28 de xullo, prorrogado por Resolución de Alcaldía 361/2025 do 30 de setembro.

SEGUNDO.- Manter coa mesma vixencia temporal indicada no parágrafo anterior as medidas de reordenación do tráfico na rúa J. B. Carrera Fábregas e na súa travesía, de prohibido o paso agás a residentes e de estacionar no lateral da travesía, por razóns de seguridade vial e en base ao artigo 7. 2. c) da Ordenanza sobre tráfico, circulación de vehículos a motor, seguridade viaria e utilización das vías públicas do Concello de Corcubión, dando conta ao pleno para que as realice as xestións necesarias co fin de consolidalas na mentada ordenanza municipal.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que se realice.

Acorda e asina dixitalmente o Alcalde Francisco Javier Domínguez Traba en Corcubión, na data que consta á marxe, do que, eu Irene Suárez López, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 do 16 de marzo).